



CONCELLO DE BARBADÁS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Barbadás, 16 de outubro de 2018

Nos distintos edificios públicos do Concello de Barbadás hai deficiencias relativas a accesibilidade que é necesario subsanar para favorecer que tanto persoas con minusvalías como con capacidades diminuídas ou outras dificultades poidan acceder facilmente as dependencias municipais así como para facilitar o acceso á información aos distintos usuarios dos servizos municipais.

Por elo, dende a Concellería de Mobilidade propónse elaborar un plan de sinalización para dependencias municipais baixo criterios de accesibilidade universal.

En virtude das facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

1- Adxudicarlle o contrato menor para a impresión dos diferentes elementos da rotulación e sinalización á empresa Gráficas Gallegas por importe de

Base imponible: 7.586,40 €

I.V.E. (21 %): 1.593,14 €

Total: 9.179,54 €

2- Aprobar o gasto.

3- Incorporar a factura ao expediente

4- Dar traslado da presente resolución ao interesado.

Mándao e asíno o señor Alcalde en Barbadás a 16 de outubro de 2018 do que eu como Secretaria Xeral dou fe.

